Federación Galega de Espeleoloxía

Material necesario

Material para facer actividade:

Para todos os canóns, o material para empregar será sempre o meso.
No dossier da actividade -que enviaremos tras a inscrición- só especifícase en cada un dos canóns o tipo de descolgue existente e os metros de corda necesarios, aínda que o máis adecuado é levar sempre dúas cordas de 50 ou 60 metros e o seguinte **material individual:**

-Neopreno 5 mm - casco - cabo de ancoraxe - descensor
- mosquetóns varios e material de autorescate - navalla - bídón ou bolsa estanca
- calzado axeitado - botiquín básico - hidratación e alimentación (barritas, xeles…)
-iluminación (non está de máis nunca unha lanterna sumerxible no noso bidón).

Localización

NEGREIRA,
A Coruña
Coordenadas GPS:
Latitude: 42.9109490
Lonxitude: -8.8051034

Non esquezas realizar un traballo en equipo, fundamento da actividade espeleolóxica.



Concello de NEGREIRA

CONCELLO DE ARTEIXO

CEC CONFEDERACIÓN DE ESPELEOLOGÍA Y CAÑONES

C.D. LUZ VERDE

Federación Galega de Espeleoloxía

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

Campamento galego

Regulamento

Estimados compañeiros:

Atrás quedaron aqueles tres días que compartimos no veciño Concello de Noia, que acolleu no 2003 a reunión anual de barranquismo. Produciuse por mor da apertura de varios barrancos concentrados nunha zona xeográfica, desde Negreira ata Fisterra e que ata esa data permaneceran escondidos a este apaixonante deporte que nos une. É de recibo volver agradecer á Federación Galega de Espeleoloxía o interese mostrado no seu día cara a esta nova zona, reequipando a gran maioría dos canóns.

O Club Deportivo Luz Verde, de Arteixo, que organiza o **XXVI Campamento Galego de Descenso de Canóns** por delegación da Federación Galega de Espeleoloxía, tivo unha grata experiencia compartindo a organización deste evento co Concello de Negreira ao que agradecemos a súa enorme colaboración servindo de Campo Base e de saída cara a ese terreo. Con todo, nada disto faise posible sen unha participación como a de edicións anteriores, o que supón o éxito destas reunións.

▪Para axilizar os grupos, imos enviar toda a información dos canóns da zoa aos asistentes, para que a estudiedes e traiades o que tedes pensado realizar xa preparado. Para calquera aclaración, estaremos en Negreira o voso dispor, tanto para informar como para axudar a planificar.

▪**Prezos da inscrición:**

1. **Só cea do sábado: 22€**
2. **1+ pernocta do sábado ao domingo no albergue San José: 35€**
3. **2+ bolsa de picnic do sábado e do domingo con bocatas, fruta e bebida: 50€**

▪Podedes encontrar **aloxamento** pola vosa conta en:
~Albergues: El Carmen (17 liteiras) y San José (40 liteiras).
~Hotel Albergue Millán (con tarifas de peregrino).
~Zona para acampar de pago na Área Recreativa de Cobas.
~Zona libre acondicionada para autocaravanas ao carón do Cuartel da Guardia Civil.

INSCRICIÓNS ANTES DO 18 DE ABRIL EN: clubluzverde@outlook.com, INDICANDO NOME, APELIDOS, DNI, CLUB, TF, E-MAIL E XUSTIFICANTE PAGO

▪*Os estamentos organizadores (club, FGE) non se responsabilizan de calquera accidente.*
▪*Calquera situación ou dubida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.*
▪*É imprescindible estar en posesión da Licenza Federativa de Espeleoloxia do ano en curso -ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida pola FGE (as das federacións integradas na CEC)- para poder participar no campamento.*
▪*Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.*

Lugares de interese

Canóns:
Río Corzán (Negreira)
San Paio (Mazaricos-Outes)
Ribeiriños (Mazaricos-Outes)
Gosolfre (Mazaricos-Outes)
Santabaia (Mazaricos-Outes)
Xallas (Dumbría)
Pedras (Serra Barbanza)

Outros canóns:
Fontiñas (Mazaricos-Outes).
Nimo (Noia, na Central do Tambre).
San Xoán, Cadarnoxo (Serra do Barbanza, 1 hora coche)

Restaurantes:
Casa Barqueiro
O Noso Lar
Imperial
Os Arcos
A Nosa Taberna
Casa Salvador (Seoane-A Baña)
O Arranca (Ordoeste-A Baña)

Bocaterías:
O Cotón
Oriel
A Vila
Porto
Ríos
Arlequín
Mc Burguer
Mesón
Rosalía
Pizzería Milio
O Seixo
A Bodeguilla

Programa de actividade

Venres, día 22 de abril
A partir das 21:00 h. na Casa da Cultura, recepción dos participantes que queran xa pernoitar ese día e evitar madrugar o sábado.

Sábado, día 23 de abril
As 9:30 h. Recepción e benvida a todos os participantes na Casa de Cultura. Explicación, itinerarios, esbozos e horarios cara aos barrancos e regreso. Cea de confraternidade. Entrega de obsequio, sorteo de produtos e sorpresas.

Domingo, día 24 de abril
Recepción aos madrugadores, despedida e agradecemento. O domingo é un día de moito ambiente matutino en Negreira ao celebrarse a feira dominical na bonita contorna do Pazo do Cotón. Despois dunhas tapas pódese saír cara aos barrancos que nos quedaran pendentes e finalizar así a xornada.

Club Deportivo Luz Verde
Jesús Montero: 655 894 283
Rubén Suárez: 669 684 009
Correo electrónico: clubluzverde@outlook.com
***Nº de conta para inscricións:* ES31 2100 5097 2402 0010 8648**